

- Escolle o sinónimo da palabra que está entre parénteses.

...case non sabía (brincar) saltar.

...a maneira de procurar a súa (mantenza) alimento.

...encontraba algunha (larpeirada) doce para xantar

...poñíase do máis (fachendosa) presumida

...despois de (ceibar) soltar un aturuxo.

Son a ra máis (espelida) intelixente de toda esta terra.

..nacera un pouco (foncha) presumida, un pouco (gabanciosa) presumida

...irmás para (enredar) xogar

O único que a tiña (amolada) desgustada

choutar nas augas do río e (fondear) mergullar como as súas irmás

...moi (fiada) confiada de si

De seguida (estarricou) estirou unha das dúas pernas .

- Completa as oracións con estas palabras:

As **súas** irmás decidiran bañarse.

¡Ai, **miña** nai!

A ranciña atopouse coa **súa** veciña a tartaruga.

Deixeiche que estiveses enriba do **meu** lombo.

Ti lavas os **teus** dentes.

Pregúntalle a **túa** nai se podes vir comigo.

- Separa as palabras.

(5) Así é como se fai.

(5) Esta si que é boa.

(5) Aquilo si que era troula.

(5) E se caio deste pelouro.

(6) ¿A quen se lle pode ocorrer?

- Forma palabras novas engadindo unha letra.

***andaba >>>>>>mandaba**

pod*e podre medi*o medido/medito

lis*o listo la*ios labios/lacios

rí*o rimo/rito/riso/rifo/rijo/riño/ripo des*to desato

- A letra r pode aparecer en varias posicións nas palabras.

Busca na primeira páxina da lectura palabras que teñan a letra r e clasifícaas.

-r-	-rr-	r-, -r	fr, br, tr, cr, pr, dr, gr
para	carro	ranciña	primeira
aventura	terra	pernas	frouxas
era	curruncho	larpeirada	brincar
maneira	corrente	xantar	deprender
larpeirada	arramplar	valernos	procurar
aturuxo		por	sempre
segura		ceibar	encontraba

- Forma palabras cambiando unha letra por outra nova.

salvas - malvas VALE CALQUERA OUTRA SOLUCIÓN QUE SEXA UNHA PALABRA QUE EXISTA.

conto monto vellas velas

fixo fino parva parta

xantar cantar preto preso

saltar salvar movo novo

- A palabra **repintar** é a suma de **re** + **pintar** e quere dicir volver a pintar.

Escribe ti que queren dicir estas palabras.

remollar VOLVER A MOLLAR

refacer VOLVER A FACER

replantar VOLVER A PLANTAR

repoñer VOLVER A POÑER

reconquistar VOLVER A CONQUISTAR

reconstruír VOLVER A CONSTRUÍR

- Escolle a palabra correcta en cada caso para formar tres oracións.

¡Que procurase un pelouro como o meu!

¿Que farei se me leva a corrente?

¿Quen a mandou subirse a unha folla?

F	T	O	R	T	A	M	X	B	O	L	C	I	G	R
A	L	P	I	M	O	E	D	E	F	O	H	R	M	A
T	S	A	G	A	L	L	E	T	A	S	U	I	I	M
U	A	S	N	D	B	I	C	A	S	D	R	A	L	O
R	I	T	U	A	L	N	V	O	D	A	R	N	F	S
R	B	E	N	L	U	D	R	O	S	C	O	N	O	C
O	E	L	O	E	O	R	E	L	L	A	S	O	L	A
N	L	A	S	N	X	E	M	A	L	E	T	A	L	S
C	H	U	L	A	S	S	A	M	A	Z	A	P	A	N
A	Z	R	O	S	Q	U	I	L	L	A	S	I	S	E

- Completa as oracións con estas palabras:




Eu paseo polo patio.
Ti paseas polo corredor.
A ranciña pasea pola beira do río.
Marta e mais eu paseamos pola rúa.
Vós paseades polo monte Aloia.
Antón e Carlota pasean pola praia.

- A ver se es quen de adiviñar como se chama cada un destes amigos do río.

Sara é máis grande que Xoán.
Inés é máis pequena que Xoán.
Xoán é máis pequeno que Sara.

MARÍA




XOÁN

BRANCA

PAULO

SARA



INÉS

María é máis longa que Paulo.
Paulo é máis longo que Branca.
Branca é máis curta que María.

- Relaciona e escribe as oracións que che saian. Tes que coller unha palabra de cada columna.

Mañá comerei lentellas.

Mañá varreremos o corredor.

Onte cantei unha canción.

Onte xoguei á pita.

Hoxe chove moito.

Hoxe leo un conto.